

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0GE	Expediente CON/13/2016	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017.

TIPO DE LICITACIÓN: 59.945,72 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de maio de 2016 ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas.

Vocais:

- D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Noya, técnico oficina orzamentaria.
- Dna. Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	19-05-2019	17.761	CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS SOC. COOP GALEGA

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación e adxudicación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS SOC. COOP GALEGA	59.900,00

Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato co único licitador admitido en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo a correspondente acta co resultado, que se acompañan á presente acta. A continuación, remitirase a documentación ós técnicos municipais para informe.

As 9:42 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**




O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0GE	<i>Expediente</i> CON/13/2016	



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA

LICITACIÓN: Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017.

TIPO DE LICITACIÓN: 59.945,72 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de maio de 2016, ás 9:42 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas

Vocales: D. Rafael Peña representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
D./D^a. Jesús Noya, Técnico Oficina Orzamentaria
D^a Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Antonio M. Insua López.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de 56.000,00 máis IVE..**

Sendo as 9:44 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: D. Antonio M. Insua López
Representante da empresa **CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA**



Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0GE	<i>Expediente</i> CON/13/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017.

TIPO DE LICITACIÓN: 59.945,72 euros máis IVE.
publicidade.

PROCEDEMENTO: Negociado sen

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de maio de 2016, ás 11:20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas.

Vocales:

- D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Noya, Técnico Oficina Orzamentaria
- D^a Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.


Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar os resultados dos actos individualizados de negociación levados a cabo cos distintos licitadores admitidos, **ACORDAN:**


Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓN S. COOP GALEGA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 56.000 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 11:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Expediente: *Asistencia técnica para a posta en marcha dos orzamentos participativos (en adiante OP) para o ano 2017*

Asunto: *Informe técnico de valoración da única oferta presentada*

INFORME TÉCNICO

1.- Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación á valoración dos criterios de adxudicación establecidos para a contratación de asistencia técnica para levar a cabo o **“Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017”**, de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e coa documentación do expediente de referencia CON/13/2016.

2.- Apertura de ofertas e celebración de actos de negociación individualizada

Con data 24/05/2016 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura de ofertas e celebración de actos de negociación individualizadas. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acorda remitir para o seu informe técnico a única oferta finalmente presentada do seguinte licitador:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		NOME DO LICITADOR	
	DATA	REXISTRO	COMPLETO	ABREVIADO
1	19/05/2016	23.829	CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓN S SOCIAIS S. COOP. GALEGA	CIDADANÍA

A oferta de proposición económica inicialmente presentada por CIDADANÍA foi de 59.900,00 € máis o IVE do 21%, é dicir, 72.479,00 €, encontrándose dita oferta admisible con base no orzamento base de licitación establecido no Prego que foi fixado en 59.945,72 € máis IVE (72.534,32 € IVE incluído).

Despois da celebración do acto de negociación individualizada, CIDADANÍA fixo unha nova oferta económica fixando como prezo da súa licitación o de 56.000,00 € máis IVE, o que levaría a un prezo final de 67.760,00 € (IVE incluído).

3.- Análise da única oferta presentada con base aos criterios de adxudicación fixados no Prego

Toda vez que tan só se presentou unha única oferta ao proceso de licitación referenciado no encabezamento, a análise do presente informe técnico baséase no cumprimento dos requisitos fixados no Prego establecidos como criterios de adxudicación sen entrar a puntuar cada apartado establecido no prego de condicións.

➤ **Calidade técnica da oferta:**

Neste apartado, analízase que a oferta dera cumprida resposta aos requirimentos do prego nos seguintes aspectos:

- **Regulamento dos OP:** a proposta de regulamento presentada desenvolve tódolos aspectos establecidos no prego de prescricións técnicas:
 - a estrutura territorial (a nivel de distritos e de cidade) e a estrutura sectorial (no que atinxe á área de mocidade);
 - os diferentes órganos dos OP, é dicir, regúlanse as funcións, composición, convocatoria e funcionamento dos diferentes órganos de dinamización e seguimento, o grupo motor e a comisión de seguimento; regúlanse as funcións, composición, convocatoria e funcionamento dos diferentes órganos de participación social, as asembleas; e por último, regúlanse as funcións, composición, convocatoria e funcionamento da mesa de propostas e da oficina técnica.
- **Plano de participación:** a oferta de servizos analizada incorpora un plano de participación que desenvolve tódolos aspectos establecidos no prego de prescricións técnicas, é dicir, contempla as accións necesarias a realizar secuenciadas en dúas fases de traballo (fase A: preparación do proceso e propostas cidadás, e fase B: selección de propostas e avaliación do proceso) e os actores involucrados en cada fase.
- **Plataforma web:** a oferta de servizos analizada ofrece neste apartado a posta a disposición do desenvolvemento de OP dunha aplicación web para a participación cidadá denominada “Participare” que, segundo se establece na súa oferta, achegaría tódalas especificacións técnicas e funcionalidades requiridas no prego de técnicas.
- **Ferramentas TIC:** a oferta de servizos analizada ofrece neste apartado a posta a disposición do desenvolvemento de OP, e máis concretamente, no marco da celebración dos eventos presenciais (assembleas de distrito e cidade), achega unhas ferramentas TIC coas especificacións requiridas no prego de técnicas, secuenciando o seu uso en dúas fases diferenciadas, unha primeira que situaría o seu uso nos momentos previos á realización de cada sesión, e unha segunda fase vinculada á celebración das propias reunións.
- **Plano de comunicación:** a oferta de servizos analizada incorpora un plano de comunicación centrado nas dimensións externas da comunicación dos OP, establecendo os obxectivos do mesmo, os criterios de segmentación do público obxectivo para aplicar os criterios de comunicación máis axeitados, os canles de comunicación a utilizar (comunicación offline e online), a necesidade de elaboración dun manual de identidade básica establecendo os seus obxectivos e os elementos onde se deberían desenvolver e aplicar, e finalmente establece unha secuencia temporal dos traballos a realizar neste apartado para cada secuencia temporal do desenvolvemento de OP.

- **Calendario/cronograma:** a oferta de servizos analizada incorpora un calendario/cronograma que cumpre coas especificacións establecidas no prego de prescricións técnicas. O adxudicatario deberá presentar, no prazo máximo de 15 días desde a sinatura do contrato unha versión final do mesmo que se adapte aos prazos reais e viables do proceso, tendo en conta as datas actuais nas que se está a mover o proceso de licitación.

Da análise global de tódolos apartados relativos á calidade técnica da oferta, pódese concluír que cumpre cos requisitos mínimos fixados neste criterio de adxudicación.

➤ **Equipo técnico asociado ao proxecto:**

Neste apartado, analizouse que a oferta dera cumprida resposta aos requirimentos do prego no sentido que cubrira os perfís e % de dedicación mínimos fixados no prego seguintes aspectos, sen entrar na análise da experiencia acreditada:

Deste xeito a oferta analizada incorpora os seguintes perfís e % de dedicación:

Equipo técnico	Dedicación (%)	
	esixida no prego	Dedicación (%) ofertada
Persoa 1 (coordinador/a xeral)	100%	100%
Persoa 2 (informática)	33,3%	34%
Persoa 3 (comunicación)	66,7%	67%
Persoa 4 (loxística)	33,3%	50%
Persoa 5 (técnico-económico)	33,3%	45%

Pódese concluír que neste apartado do prego de técnicas, a oferta analizada cumpre cos requisitos mínimos establecidos e cumpre con este criterio adxudicación.

➤ **Alcance da participación presencial (mínimo dun 33,3%):**

Neste apartado, analizouse que a oferta presentada cumprira co alcance mínimo fixado no prego fixado nun 33,3 %.

A oferta recolle unha % de alcance de participación presencial do 50,75%, tendo en conta a proposta de delimitación territorial proposta no prego de técnicas recollidas no anexo A, xa que dirixe na súa proposta a tres distritos (zona rural, norleste e surleste) cunha poboación obxectiva de 48.523 habitantes, co que se pode concluír que a oferta analizada cumpre con este criterio de adxudicación.

➤ **Oferta económica:**


A oferta económica finalmente proposta por CIDADANÍA é de 56.000,00 € máis IVE, é dicir, 67.760,00 € (IVE incluído), polo que ten encaixe no orzamento base de licitación establecido no cadro de características técnicas.

4.- Conclusión

Con base a todo o antedito, pódese concluír que a única oferta presentada cumpre cos requisitos establecidos como criterios de adxudicación no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, se ben o que subscribe somete o presente informe técnico a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2016

O técnico da Oficina de Orzamentos,



Jesus Noya Liste

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0GE	<i>Expediente</i> CON/13/2016	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017.

TIPO DE LICITACIÓN: 59.945,72 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 10:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas.

Vocales:

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Noya, Técnico Oficina Orzamentaria
- D^a Ana Gago, viceinterventora municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP GALEGA** consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

